



Carta desde a banda da esperanza

Manuel Regal Ledo

Feliz e próspero 2026, no que estamos a andar os primeiros meses! Feliz, que nos permita recuperar ou fortalecer o sorriso, o humor, o entusiasmo; e, ao tempo, tamén próspero, é dicir que nos permita contemplar como a realidade prospera, avanza, mellora, superando atrancos que nos estaban impedindo vivir en esperanza.

Cando escribo este primeiro parágrafo da Crónica, é xustamente a tarde do día de Nadal 2025, cando as cousas non pintan nada ben, agás que nos limitemos a contemplar o rostro de Deus que se nos amosa no cativiño nacido de pouco, cativiño que nos traslada ao Xesús histórico, ao Cristo resucitado, e ao cúmulo de esperanzas que foi e segue a ser quen de alimentar e soste; esperanzas que se reflicten nos

rostros e vidas de persoas que o recoñecen con fe convencida como irmán maior e mestre, pero tamén en moitas outras persoas que, sen o recoñecen como tal, viven en fidelidade humanitaria, soñando e creando imposibles. Pero, quitado iso –que non é pouco!–, as cousas, repito, nunha primeira ollada non pintan nada ben. Por iso mesmo, feliz e próspero 2026!

1. A voltas coa realidade palestina e universal

Non sabemos o que pasará de aquí ao momento, aló a finais de marzo, no que o lector ou lectora reciba o número 244 de *Encrucillada*. Dígoo pensando agora na realidade de Palestina. Prometemos darlle sempre o primeiro espazo nesta Crónica a este asunto, que o

podemos ver convertido no símbolo dramático que mellor pode abrírnos os ollos para entendermos por onde parece querer avanzar –retroceder, habería que dicir– o mundo no que vivimos. Cada vez temos máis referencias para poder pensar que rematou unha etapa da modernidade, na que os grandes poderes económicos entendían que as democracias, aínda que fosen máis ou menos fráxiles, eran un espazo axeitado para facer prosperar os seus grandes intereses. Parece que agora cambiaron de criterio e pensan que é nos réximes autocráticos onde mellor pode avanzar a súa preponderancia.

Así, ao lado de grandes autócratas –Trump, o maior–, que se poden permitir facer o que lles dea a gana, sen consideración ningunha, van xurdindo pequenos aprendices de autócratas dispostos a debuxar un mundo de cores escuras, no que prima a desintegración, o rexeitamento, o afundimento do humanismo, a volta a tempos pretéritos que criamos esquecidos. E todo porque vivir e traballar a democracia verdadeira non é doado, esixe grande vontade e sacrificio.

Palestina, Gaza, Cisjordania é un dramático símbolo de todo isto. Firmouse hai meses unha parada na actividade bélica, pero iso non impediu que día si e día tamén o exército israelí fose linchando por ducias centos de cidadáns palestinos en Gaza e mais en Cisjordania. E quen non morre por un disparo covarde, faino simplemente de frío ou fame nun inverno severo no que soamente unha simple tenda de campaña fai de fogar familiar onde poder tornar a friaxe e as augas dunha poboación xa abondo exánime. A intención de Israel é clara: polos métodos máis indecentes que se nos poden ocorrer, quere os palestinos fóra deses territorios, e gustaría de converter Gaza no que Trump propuxera: un precioso espazo de lecer para os poderosos do mundo, que atoparían un lugar fantástico onde investir, lucir, gozar e rendibilizar os seus diñeiros. Ante iso a xente non importa. E todo revestido de manto relixioso, bendicido por un cristianismo evanxalista-pentecostal, que nisto ve o camiño para a maior gloria de Deus!

O mundo configurado por estes artistas pasaría a ser un

mundo tripartito: EE.UU., China e Rusia, aos que debere-mos vasalaxe os demais países menores. Non sabemos aínda cal vai ser o lugar e o papel de Europa, pero non lle vai ser doado escapar polas boas de tales tenaces.

E nesas andamos, con temor e con tremor. Deus nos colla co corpo e a alma en alerta. E a intención do proceso viuse ás claras na decisión de Trump de poñer Venezuela aos seus pés, coa pretensión manifesta de controlar os seus recursos, sen ocultar que os pasos que quere seguir dando, van na liña de ter todo un continente sometido aos seus intereses, saltando toda a orde internacional existente. Algo polo que debería estar sendo xulgado se as cousas fosen como deberían ser. Polo menos, iso si, o león ensinou a súa mordedela.

Recomendamos a lectura do comunicado que a Asociación de Teólogas e Teólogos Xoán XXIII fixo público o 6 de xaneiro ante o asalto a Venezuela por parte de EE.UU. Denuncian o feito, enumeran ata 9 esixencias ao respecto e conclúen con estes dous parágrafos:

Estas propostas coinciden coas das persoas e os colectivos comprometidos na busca de camiños de paz e de xustiza na resolución dos conflitos. Coas súas prácticas imperialistas e golpistas, Trump, que se declara verbalmente cristián, amosa o afastado que se atopa do ideal profético e xesuánico da paz e da xustiza. Por iso denunciámos e condenamos a súa agresión militar contra Venezuela, así como outras actuacións opresoras contra as persoas vulnerables, os colectivos empobrecidos e os pobos oprimidos, os dereitos dos cales tripa.

Desde a ética política e a fe cristiá non podemos permanecer calados ante semellante violación do Dereito Internacional, que golpea a toda a Humanidade. Por iso decidimos facer pública esta declaración.

2. O papel subsidiario da relixión

E nos poucos días que foron pasando desde que escribimos o anterior, xa Trump dixo unha arroutada máis, xa anteriormente anunciada, apostando despoticamente por mercar ou conquistar pola forza Grenlandia. E poida que o faga. En que mans estamos, as dun tolo megalómano, que non busca

senón «os Estados Unidos primeiro» como señor e os demais como súbditos. E abofé que o está conseguindo. Ninguén, de momento, lle para os pés, por medo, pola dependencia que eses americanos cultivaron en nosoutros.

E todo, iso si, revestíndose agora dun pietismo relixioso que lle presta docilmente o movemento evanxalista, ao que de grao se suman tamén, coa voz ou co silencio, mesmo grupos católicos. É curioso o reverdecer desta relixiosidade que ten un punto forte no convencemento de que, se es ben relixioso, triunfas na vida; que quen triunfa é porque Deus o sostén; que quen anda en miserias, é porque non cre, e cousas deste tipo. Que llo pregunten a Xesús de Nazaré, que morreu no éxito da cruz; que llo pregunten a tantos seguidores e seguidoras del que celebraron o seu éxito co sangue do martirio. Ou simplemente que lean o evanxeo. E iso por máis que en bastantes pasaxes do Antigo Testamento si se empregue moito argumentacións semellantes para promover a fe. Pero tamén na mesma Biblia se dá un necesario proceso de purifi-

cación na maneira de entender e vivir a fe.

Desde logo, chama a atención con que facilidade se combinan coa relixión os movementos autoritarios actuais, á fronte dos cales se sitúan en ocasións persoas dunha traxectoria persoal nada exemplar; e xa non polo feito de creren ou non, senón sobre todo polo estilo de vida que levan. Parece que camiñamos cara a un futuro onde unha vez máis a relixión vai xogar un triste papel, arredándose dos valores básicos que deberían caracterizar o cristianismo, e prestándose a xogar obscenos xogos do poder. Por América adiante, correndo do Norte cara o Sur, isto é xa unha crúa realidade. Entre nosoutros, aquí por España, hai sinais de que a cousa pode ir medrando. Na medida en que a relixión se sitúe do lado do poder, e en que o poder busque a relixión como dócil compañeira, calquera cousa pode pasar. Oxalá que a foto de Ayuso e Feijóo movéndose ao ritmo da música de Hakuna na Praza Maior de Madrid –nunha actuación promovida polo mesmo goberno madrileño– non sexa máis que o comezo dun espertar reli-

xioso que os leve tamén a bailar e lidar coa xente máis débil e marxinal que nos rodea. Oxalá, pero chaman tamén a atención os seus ben coñecidos e interesados achegamentos ao mundo neopentecostal. Buscando que?

3. Pola man de santa María

Falta nos fai, polo que deixamos dito, que nos cómpren bos apoios para sabermos andar por este mundo turbio no que andamos. E mans, grazas a Deus, non nos faltan. Así é o noso Deus; non é un Deus que irrompa en cada momento na historia para recompór as cousas mal dadas, pero si que, pola forza da súa presenza solvente, permítenos vernos acompañados por persoas de ben que nos abran os ollos e nos fortalezan os ánimos. E María de Nazaré, a mamá de Xesús, é unha destas persoas. Ela que tanto gozaba dándolle voltas a aquelas cousas da vida que tanto a desconcertaban, pode tamén alumar os nosos camiños e fortalecer as nosas vontades en momentos de tensión humanitaria como os que nós estamos a vivir. Agarrarnos á man de mamá María con agarimo

de fillos e fillas e con tempero adulto, pode axudarnos a progresar con éxito cristián.

E para iso non fai falla que lle deamos o título de corredentora, senón simplemente o de mamá solícita, que nos dispón a ser persoas abertas ao don gratuíto de Deus, que a través de Xesús o Cristo, no Espírito, pode envolver as nosas vidas; labor ese que todos, todos tamén podemos facilitar, aínda que sexa con menor eficacia.

Pois iso, que o 4 de novembro o Prefecto do Dicasterio da Doutrina da Fe no Vaticano comunicou a decisión tomada de que non era ben chamarlle a María corredentora, como se compartise con Xesús Cristo a potestade de salvar a humanidade do pecado. Non haberá polo tanto un novo dogma como solicitaba bastante xente máis ben de aires conservadores, que o seguían demandando, a pesar de que xa no 1996 durante o XIII Congreso Mariolóxico celebrado en Polonia se chegara á conclusión de que non tiña sentido ese dogma.

Redentor temos un, que, aínda que moito nos cómpre, ben nos chega, se lle facemos

caso. E por iso pareceunos moi oportuna a decisión. Deixemos santa María no seu papel humil-dísimo, fecundo, calado pero elocuente, fidelísimo, como instrumento necesario, imprescindible de Deus, pero lonxe dese afán de enchela de títulos e títulos –aos que logo seguirán vestimentas, xoias, coroas...–, que máis que a gusto de Deus, a «modo divino», soan a gustos humanos, a «modo humano». «Como unha humilde labrega, con zocas de cana e media, vai a nai do meu Señor», din aqueles versos. Así a quixo e a quere Deus.

4. O matrimonio unha relación íntima e totalizadora

E xa que andamos nos arredores dos lugares e voces onde se nos di e se nos razoa o que é mellor para os seres humanos, e polo tanto máis querido por Deus, o mesmo Dicasterio que negaba a condición de María como corredentora, publicou o 24 de novembro unha Nota doutrinal, titulada *Una caro* (unha soa carne), destinada a enxalzar a alternativa matrimonial monogámica como unión exclusiva en pertenza recíproca.

Non pense quen isto lea que, cando se fala de nota doutrinal, se trata dunha pequena comunicación, senón que estamos ante un documento relativamente longo que consta dos seguintes apartados: Presentación, Introducción (números 1 a 10), A monogamia na Biblia (11-32), Ecos da Escritura na historia (33-83), Algunhas olladas da filosofía e da cultura (84-107), A palabra poética (108-114), Algunhas reflexións para profundar (115-153) e Conclusión (154-156).

E xustamente no número 154 ofrece en síntese apertada da finalidade desta nota doutrinal. Di o seguinte:

En definitiva, aínda que cada unión sponsalicia é unha realidade única, encarnada nos límites humanos, todo matrimonio auténtico é unha unidade composta por dous individuos, que require unha relación tan íntima e totalizadora ata non poder ser compartida con outras persoas. Ao mesmo tempo, xa que é unha unión entre dúas persoas que teñen exactamente a mesma dignidade e os mesmos dereitos, esa unión esixe aquela exclusividade que impide ao outro ser relativizado no seu valor único e ser

usado soamente como un medio entre outros para satisfacer (...) necesidades. Esta é a verdade da monogamia que a Igrexa le na Escritura cando afirma que de dous se fai «unha soa carne». É a primeira característica esencial e inalienable desa amizade tan peculiar que é o matrimonio, e que require como manifestación existencial unha relación totalizante –espiritual e corporal– que madura e medra cada vez máis cara a unha unión que reflecta a beleza da comunión trinitaria e da unión entre Cristo e o seu amado Pobo. Isto verificase ata tal punto que podemos recoñecer «na íntima unión conxugal, pola que dúas persoas chegan a ser un corazón, unha alma, unha carne, o primeiro sentido orixinario do matrimonio.

E non nos quedemos con que esta Nota doutrinal foi escrita só pensando en África, onde é frecuente que un home conviva con varias mulleres. Tamén ten moito que ver coa realidade matrimonial de países do primeiro mundo, máis evolucionados, onde non é que un home poida ter ao tempo varias mulleres, senón que un home ou muller si pode compartir parella e ao tempo, máis ou menos en segredo, relacionarse case

matrimonialmente con outras persoas; ou tamén cando, sendo fiel á parella que teña no presente, non ve problemas en ir cambiando de parella segundo as circunstancias e conveniencias o dispoñan.

Un asunto serio, moi serio, ante o que a nota doutrinal nos pode axudar a pensar e decidir, máxime cando o fai sen emitir ningún tipo de condena explícita a ningún comportamento matrimonial que non coincida co que é a proposta cristiá. Simplemente explica as razóns do matrimonio no que cre.

5. Non ao diaconado das mulleres?

O 4 de decembro o cardeal Giuseppe Petrochi, presidente da comisión de estudo sobre o diaconado feminino, creada xa polo Papa Francisco, presentou no Vaticano un resumo do traballo feito por esa comisión que estudaba a posibilidade de admitir mulleres ao diaconado. Aínda que o presentan como algo non definitivo, de momento con sete votos en contra e un a favor queda negada a posibilidade de que as mulleres accedan ao servizo diaconal na Igrexa católica.

Baséanse para iso en que as mulleres diaconisas que si houbo nos primeiros séculos da Igrexa, tiñan funcións diversas ás dos homes diáconos. En todo caso o seu diaconado non poderá ser como grao do sacramento da orde. Afirma o cardeal Petrochi que esta cuestión non se pode resolver só cos datos históricos e que corresponde ao Maxisterio da Igrexa tomar unha decisión.

Quen defende o diaconado feminino –o mesmo dirían do sacerdocio feminino–, argumentan dicindo que home e muller son por un igual imaxe de Deus, e o sexo non ten por que ser un impedimento para acceder ao sacramento da Orde. E quen lles negan esa posibilidade, subliñan que

a masculinidade de Cristo e, polo tanto tamén a masculinidade de quen recibe a ordenación, non é accidental, senón que forma parte integrante da identidade sacramental, preservando a orde divina da salvación en Cristo.

E «alterar esa realidade non sería un simple axuste do ministerio, senón unha ruptura do significado nupcial da salvación.»

En todo caso si que se fala de «abrir novos espazos ministeriais para as mulleres sen recorrer á ordenación sacramental.»

Xa temos dado noutras ocasións similares a nosa opinión ao respecto. Non vemos ningunha razón teolóxica de peso para que as mulleres non poidan acceder ao sacramento da Orde en todos os seus graos. A falla de claridade do diaconado feminino nos primeiros séculos da Igrexa ou incluso a imposibilidade de acceder ao sacerdocio por parte das mulleres, ben se pode explicar simplemente pola presión cultural existente. Toda a tradición bíblica era fundamentalmente patriarcal, a cultura do mundo do Mediterráneo e mesmo a de todo o mundo tamén o era. Xesús desenvolveuse, xaora, nun contexto fundamentalmente patriarcal, e, aínda que deu pasos sorprendentes cara ao trato coas mulleres e a inclusión das mesmas no seu grupo, tamén el estivo condicionado por esa cultura, por exemplo, na case totalidade das súas parábolas os protagonistas eran varóns, e os doce discípulos, por aquilo, disque, das doce tribos, tamén o eran.

A argumentación de que o significado nupcial da salvación deba esixir que quen representa a Cristo teña que ser varón, parécenos dunha enorme vaguidade, como algo que inventar para xustificar o inxustificable. A salvación non se conta por sexos, senón por fe e por vida, por fidelidades. No fondo non estamos facendo responsable desta práctica eclesial ao mesmo Deus, ao seu Cristo? Non estamos tamén aquí tomando o nome de Deus á lixeira, facéndoo responsable das nosas lérias? Non é un simple feito de organización eclesial, que durante séculos se considerou a máis axeitada, dado o contexto cultural? A Tradición pode ser, éo moitas veces, unha referencia necesaria, da que podemos e debemos aprender, pero, cando está vinculada a formas e procesos culturais, pódese acabar convertendo nunha traizón ao mesmo que quere representar. Cremos, e igual andamos en erro, que neste caso corremos o perigo de caer en algo disto.

O que cabería facer, iso pensamos, é ter moi en conta a complexidade da apertura do sacramento da Orde ás mulle-

res, polo fondo enraizamento patriarcal que existe na Igrexa, e ir buscando as maneiras de pouco a pouco ir contrastando visións, ir despexando camiños, ir dando pasos cara a unha práctica onde a condición sexual non sexa criterio determinante.

6. E sobre a posibilidade de curas casados?

Referímonos, xaora, á posibilidade de que a vocación e práctica sacerdotal poidan ser exercidas na Igrexa católica por un home (ou muller) casado. Neste caso facemos fincapé non na condición sexual da persoa, senón no estado de vida da mesma. Levounos a esta cuestión o recente falecemento en Pamplona aos 91 anos—o 26 de decembro— de *José María Lorenzo Amelibia*, cura casado, fundador da ASCE (Asociación Sacerdotes Casados Españoles), asociación desde a que traballou o indicible por sensibilizar as autoridades relixiosas españolas, bispos maiormente, para que se fose abrindo a posibilidade de que ao carón dos curas célibes puidese admitirse a presenza e traballo de curas casa-

dos, cousa para a que non hai o máis mínimo obstáculo doutrinal, senón unha longa tradición –non tan longa, gloriosa e redonda como se pensa–, entre os froitos da cal podemos atopar grandes testemuñas de fidelidade á súa condición de curas célibes, como tamén inconcibibles comportamentos ás veces abertamente coñecidos, outras agochados baixo imaxes honorables que de honorables non tiñan nada.

Recoñecía o noso *José María* que o traballo feito durante case 50 anos de pouco valera, e pasáballe a testemuña do relevo á xeración seguinte de curas casados, que os segue habendo, aínda que non tantos coma no último cuarto do século XX, e quizais non tan interesados tampouco por seguir traballando de curas, pero como casados. Sabe o lector que quen isto escribe é tamén un cura casado, máis ben dos vellos ca dos novos. Atrévome, como afectado, a dicir catro cousiñas sobre o tema desde a miña experiencia persoal.

Cústame entender que estea vetado –iso parece– o simple tratamento formal da posibi-

lidade de cregos casados compartindo o labor cos cregos célibes. Penso que, no canto de se debilitaren mutuamente, se reforzarían entre si. A opción, para nada predeterminada da condición de saída, faríaos máis capaces de vivir o seu, fortalecéndose co dos outros.

Tamén me custou moito entender como, a pesar dos moitos miles de curas secularizados a partir do Vaticano II, nunca se fixo na Igrexa, iso penso eu, ningún estudo a fondo de por que acontecía o que estaba acontecendo, que era moi grave. Opinábase e espallábase simplemente que se trataba de persoas traidoras aos seus compromisos feitos en idade adulta e despois dun tempo longo de preparación. Non se cuestionaban os métodos, os procesos vocacionais, as figuras de quen os acompañaba, os mesmos recorridos das persoas que os vivían, sen negar por suposto as posibles contradicións persoais.

Sempre desexei que fósemos os mesmos curas secularizados os que désemos razón da nosa decisión de querer abandonar simplemente ou –isto para

algúns era máis interesante— de querer seguir sendo cura, pero casado. Eu teño escrita a lectura da miña experiencia. Comenteino con algúns curas casados; vin neles como un desexo de non remexer máis as cousas, e de vivir ben o que estaban vivindo arestora.

Sempre seguín colaborando en tarefas eclesiais, porque é algo que me reina no máis fondo do meu ser, sobre todo nunha liña de traballo próximo ao Movemento Rural Cristián que hai por España adiante. Aos 46 anos puider atopar traballo como educador-terapeuta no Proxecto Home Galicia ata a miña xubilación. Hai uns seis anos o daquela bispo de Mondoñedo-Ferrol, Luís Angel de las Heras, ofreceume ser Delegado de Pastoral Rural da diocese, e aceptei. Desde hai tres anos asumín cun compañeiro sacerdote (X. A. Miguélez) a proposta do noso bispo, o irmán Fernando García Cadiñanos, de responsabilizarme da atención pastoral de seis parroquias, con certos límites (en concreto, non administrar sacramentos). Síntome incómodo por isto mesmo, non acabo de entender estas restricións, que penso que Xesús

nunca me impoñería; el, que non foi sacerdote de profesión, vinculado ao culto, senón que o foi polo xeito de entender e vivir a vida. Por iso teño a sensación persoal de ter sido máis efectivo, creativo, renovador, misioneiro cando non tiña a atención de parroquias do que agora mesmo. Igual por cansazo —estoume achegando aos 80 anos—, igual porque as realidades parroquiais están pasando por unha etapa depresiva (ou clarificadora!), á que non acabamos de lle dar resposta eficiente.

Son cura casado, pero para a xente son o cura Manolo, o home da Delia, o pai da María. Coido que se senten a gusto comigo e coa miña condición de casado e pai de familia. Para eles certamente son cura casado, como podería ser un cura casado se tal cousa se normalizase. Non lle ven problema a isto. Para a xente o cura debería ser libre para casar ou non, segundo o propio cura valorase. En xeral o *sensus fidelium* (o pensar e sentir da comunidade), ao que en teoría se lle dá tanta importancia na Igrexa (polo menos o papa Francisco así o desexaba) aceptaría tranquilamente un crego casado (tanto home como

muller) animando as comunidades. Dixomedíxome sempre os habería, pero as persoas maduras, centradas, acabarían normalizando a sensatez, o sentidiño. Oxalá chegue axiña ese día! Coido que sería día de moito ben para unha Igrexa que se queira dicir cristiá e razoablemente adaptada ao contexto cultural actual, aos sinais dos tempos, dicíase no Vaticano II. Iso penso eu, vaia.

(Agradecín moito a carta que Irene Lorenzo Izco, filla de José María Lorenzo Amelibia, lle escribiu ao seu pai, xa defunto, publicada por *Religión Digital* o 20 de xaneiro pasado. Invítovos a lela. Gustaravos. Como tamén vos gustará, seguro, a carta dirixida ao irmán Papa pola teóloga Begoña Cigarán, publicada polo mesmo medio o 1 de febreiro deste ano.)

7. Pechamos o ano xubilar

O 24 de decembro do 2024 o Papa Francisco marcaba o comezo do Ano Xubilar abrindo a Porta Santa da Basílica de San Pedro en Roma. E o 6 de xaneiro do presente ano poñíalle o seu final o Papa León XIV pechando a mesma porta. Non

o sabemos, pero igual é a primeira vez que un Papa abre un ano desas características e outro é o que o pecha. Aínda que iso non é algo de moita importancia, si que foi significativo no noso caso, dado o recoñecemento internacional do que gozaba o Papa Francisco, que o Ano Xubilar se vise acompañado por esa triste efeméride, que valeu para que moitísima xente se achegase expresamente por iso ao Vaticano, ou que aproveitase a viaxe xa programada para poder participar na despedida do Papa Bergoglio e na elección e acollida do Papa Prevost Martínez.

Fose como fose, o Ano Xubilar pechouse con moito éxito, segundo o recoñecía o Pro-prefecto do Dicasterio para a Evanxelización, Rino Fisichella, no balance do mesmo que fixo publicamente o 5 de xaneiro deste ano. Éxito pola cantidade de xente que visitou o Vaticano, 32.475.369 persoas, das que o 62 por cento procedía de Europa. España foi a segunda de Europa despois de Italia en se ver alí representada. Foi un éxito tamén polos sete mil voluntarios que axudaron a que todo funcionase correctamente.

Foino pola excelente coordinación co goberno e administracións romanas, e foino especialmente porque, segundo o parecer de Rino Fisichella, acadáranse en boa medida os obxectivos fundamentais dun Ano Xubilar, que son ver florecer a dimensión espiritual do pobo que nel participa mediante a oración, a conversión e a xustiza, e porque, satisfacendo o título do mesmo –*Spes non confundit*– (A esperanza non defrauda), valeu para dar esperanza ás persoas e ao mundo e para ampliar o horizonte cara a un futuro cheo de paz e de boa convivencia.

Tiveron especial significado os 35 grandes eventos que se deron no Vaticano ao longo do ano, coincidindo coa celebración do Ano Xubilar, por parte de moi variados colectivos sociais: mundo da comunicación, forzas armadas, voluntariado, enfermos, mocidade, deporte, migrantes, educación pobres (caridade e esperanza) etc., eventos que valeron para que o Papa, e con el tamén outros cargos do Vaticano, fosen transmitindo ideas, valores, sentimentos sobre a realidade da vida nas súas diferentes

esferas e sobre as circunstancias do mundo; un mundo que, ao tempo, estivo e está pasando por circunstancias, contra o promovido polo Ano Xubilar, nada esperanzadoras, nada para «xubilarse». O desarme en palabras e feitos, a paz, a convivencia internacional, o respecto á multilateralidade...

O vivido no Vaticano tivo tamén eco, menor en número por suposto, en boa parte das dioceses do mundo, por non dicir en todas, mediante a designación de certos lugares de culto, ademais da propia catedral, onde poder celebrar e vivir o Ano Santo, coas condicións penitenciais que se esixen.

Todo isto ten moito de valor, sen dúbida; pero tamén é presumible que todo se pode quedar na euforia dunhas horas, dun día, dunha xornada, dun encontro, dunha celebración, sen que moito afecte logo o diario desenvolvemento da nosa vida. E xa non digamos, se o que se aprecia, aínda que non se diga, é o éxito económico que pode supoñer para o propio Vaticano e para Roma e mesmo toda Italia. Pero iso xa está nas mans e no corazón de cadaquén.

Os anos xubilares empezaron a celebrarse no ano 1.300 co Papa Bonifacio VIII, coa idea de facelos cada 50 anos; foise cambiando a periodicidade ata que no 1475 o Papa Sixto IV mandou que fose cada 25 anos, e así ata o presente. Iso si, o próximo Ano Xubilar será o extraordinario do ano 2033, lembrando os 2000 anos da morte salvadora de Xesús, o Cristo. A ver se alá chegamos.

8. Polo recoñecemento de todos os mártires

En datas moi próximas entre si chegounos a nova de que en Jaén contan con 124 novos mártires, e que en Madrid con once. Son, xaora, en ambos os casos, persoas asasinadas nos tempos da incivil guerra civil, por seren seminaristas, sacerdotes, leigos e tamén unha relixiosa, unidas todas elas pola súa fe relixiosa, cristiá. Non dubidamos que tales persoas fosen merecentes deste recoñecemento, e que está moi ben que a Igrexa as identifique como mártires da fe, e que a xente que o celebrou nas dúas capitais gocen con este recoñecemento e o aproveiten para

fortalecérense na súa vida cristiá. E concordamos co desexo de Gianpaolo Rizzotti cando na súa homilía en Jaén afirmaba que o sangue deses mártires vertido na nosa terra «é hoxe semente de reconciliación, de perdón, de unidade, de paz. Invíttanos a ollar o pasado sen rancor, o presente sen medo e o futuro sen desesperanza.» Oxalá que así sexa.

Desde hai moito tempo levo na miña cabeza o pensamento, o desexo de que igual que na Igrexa celebramos o martirio dos *nosos*, nos decidirmos tamén a celebrar o martirio dos que, logo, non eran dos nosos. Porque o certo é que, a carón destes mártires da fe relixiosa nos tempos do alzamento militar franquista, tamén houbo moitos mártires dunha fe igual non relixiosa –ou si–, pero si dunha fe nun porvir humano para a xente, con frecuencia da máis deixada de lado, pola que loitaban buscando cambios, estruturas sociais, políticas, que favorecesen o seu porvir. E non vale con dicir pois que os deles llelo recoñezan tamén. Nese caso non se cumprirían as palabras da homilía que antes citamos.

Que bo sería que dunha vez –e van xa 80 anos– fixésemos un recoñecemento conxunto a uns e a outros, en unión, aos nosos e aos non nosos, para facelos a todos mártires do común, do desexo de vida de abondo para todo o mundo, que tamén era un fondo desexo no ánimo de Xesús, o noso irmán maior (cfr. Xn 10, 10), polo que acabaría sendo tamén mártir, e mártir para o seu tempo dos de fóra, dos que non eran do sistema establecido. Coido que unha efeméride deste tipo sería algo marabillosamente reconciliador. E penso que posiblemente somos persoas de fe relixiosa as chamadas polo Espírito dos tempos a tomar esa iniciativa, aínda que sexa xa tan tarde. Porque esa reconciliación no fondo está sen facer, e segue agochada debaixo de moita da tensión social, política que hoxe respiramos.

Non se ve que na mentalidade oficial da Igrexa se contemple esta necesidade. Pero moi ben poderían ser grupos de crentes que perciban a urxencia de algo así, Encrucillada por exemplo, os que desen pasos, establecesen contactos, interesasen e movesen as autori-

dades eclesiásticas para que o milagre se dese. E, se non dun xeito global a nivel galego, si polo menos facendo ese recoñecemento en lugares concretos onde houbo mártires dun lado e doutro. Todos temos na mente dous mártires que deberían entrar neste recoñecemento compartido: o político ourensán Alexandre Bóveda Iglesias e o mestre lugués Arximiro Rico Trabada, ambos santos moi da miña devoción.

9. Consistorio do Papa cos Cardeais

Repetidamente o Papa León XIV manifesta a súa vontade de seguir no fundamental as pegadas do seu predecesor Francisco. Pero demostra tamén que non quere ser unha copia do mesmo. Ten o seu xeito de entender a función papal na Igrexa e así nolo deixa ver. Unidade, diálogo, paz, pobres son catro das palabras clave en moitas das súas comunicacións cara a dentro e cara a fóra da Igrexa, cunha paixón especial pola unidade na diferenza. Detalles, como por exemplo o uso de Castel Gandolfo ou a residencia ordinaria na que

desexa vivir, distánciano do seu predecesor, pero nas liñas fundamentais parece apostar abertamente pola continuidade. Exemplos poden ser a súa distancia coas prácticas absolutistas e antihumanitarias do presidente do seu país, e o nomeamento de bispos que algo, non moito, lle levan abertamente a contraria.

Nesta liña foi a convocatoria dun Consistorio cos cardeais: abandona o pequeno colexio de nove cardeais do Papa Francisco, pero abre a iniciativa aos 245 actuais, dos que asistiron 170, e coa mesma finalidade: recibir luz e apoio para o seu servizo papal.

O Consistorio tivo lugar os días 7 e 8 de xaneiro. Abriuse a primeira hora da tarde cun tempo de oración, ao que seguiu a meditación do cardeal Radcliffe, un habitual nestas funcións. E xa a primeira sesión sinodal. O Papa pedíalles axuda para estes catro temas: Sínodo e sinodalidade, evanxelización e misión á luz da *Evangelii gaudium* do papa Francisco, Liturxia, e Constitución apostólica *Praedicate Evangelium* sobre a Curia romana e o seu servizo

ás Igrexas locais. Ao ser pouco o tempo de traballo, propúxose-lles aos cardeais que escollesen dous temas; escolleron as dúas primeiras: falar sobre o Sínodo e sinodalidade, pero xa en modo sinodal, e evanxelización e misión.

O Papa abriu a primeira sesión cun pequeno discurso no que empezaba conectándose co Vaticano II cun texto da *Lumen gentium* (número 1), e máis adiante afirmaba: «eu estou aquí para escoitar», e pedíalles que lle axudasen no seu servizo á Igrexa, xa que «son vostedes os que chamaron este servidor para esta misión». E continuaba con algo ben significativo:

Esta xornada e media que pasaremos xuntos será unha prefiguración do noso camiño futuro. Non debemos chegar a un texto, senón manter unha conversa que me axude no meu servizo á misión de toda a Igrexa. Mañá abordaremos os dous temas escollidos, coa seguinte pregunta guía: Fronte ao camiño dos próximos un ou dous anos, que aspectos e prioridades poderían orientar a acción do Santo Padre e da Curia sobre esta cuestión?

Parece que o ambiente foi san e positivo. O Papa non asistiu a esta primeira sesión ata o momento de leren as achegas dos diferentes grupos. O traballo do día seguinte abriuse cunha Eucaristía presidida polo Papa, e logo houbo dúas sesións de traballo, unha pola mañá, outra pola tarde. E cerrou o Consistorio o Papa agradecendo a axuda, informando de que terían unha segunda reunión de dous días ao redor da festa do San Pedro e anunciando que probablemente estes grupos de traballo teríanos só unha vez ao ano, pero cunha duración de tres ou catro días.

Agradécese ler as catro comunicacións do Papa: presentación do Consistorio, palabras espontáneas do remate do primeiro día, homilía da Eucaristía e peche das xornadas; son textos sinxelos, moi dignos, nun ton moi humilde, suplicando case apoios, pero tamén deixando claras as liñas e acentos da súa traxectoria no servizo da Igrexa. Todo iso non quere substituír, ao contrario, pretende fortalecer o método da sinodalidade, así o afirma o Papa: «O camiño da sinodalidade é o camiño que Deus espera da Igrexa para

o terceiro milenio». Camiñar xuntos, sabendo que «a unidade atrae, a división espárese».

10. Xornada de catequistas en Santiago

Dá gusto ver como diversas Delegacións das dioceses de Galicia están levando a cabo o seu traballo dalgunha maneira conxunta. Para iso comparten análises, procedementos, métodos, obxectivos, avaliacións etc. É, polo demais, o normal e lóxico; unha maneira de xuntar esforzos e de facer máis eficaz o resultado. As características comúns que nos unen e identifican demandan esa maneira de traballar.

Así o 24 de xaneiro houbo en Santiago un encontro de catequistas, celebrado en San Martiño Pinario e na mesma Catedral. Foi unha xornada de convivencia, de reflexión, de oración, para reforzar a misión catequética en Galicia, moi necesitada de modificar métodos e contidos, dados os resultados máis ben tímidos que se están a dar, e dada, por outra banda, a urxencia dunha boa catequese dado o estado de misión no que nos estamos vendo.

Houbo numerosa representación das dioceses de Tui-Vigo, Santiago e Mondoñedo-Ferrol. O irmán arcebispo de Santiago, Francisco Xosé Prieto Fernández, e o irmán bispo de Tui-Vigo, Carlos Valín Valdés, presidiron o encontro, ao que asistiron tamén os responsables de catequese de Mondoñedo-Ferrol, Carlos Miranda Trevián, de Tui-Vigo, Xosé Airoa, e o de Santiago, Miguel López Varela.

Abriu a xornada o Arcebispo de Santiago, que invitaba a vivir a catequese como un acompañamento que nace do encontro persoal con Cristo. A continuación presentáronse catro experiencias: por Santiago, a catequista María del Mar Fernández presentou o *Godly Play*, como ferramenta para que nenos e adultos entren en contacto coa palabra de Deus desde o relato, o silencio, a creatividade e a oración.

Rosa e Patricia, por Tui-Vigo, compartiron o camiño percorrido en varias parroquias a través da chamada *cafequese*, encontros mensuais de adultos, para mirárense, coñecérense e faceren comunidade. Tamén

por Vigo presentou a catequista Carmela o formato de catequese para un catecumenado de adultos para recibir o bautismo, a Eucaristía e a confirmación. Trinta adultos están participando no proceso, un camiño de educación integral na fe, onde a catequista non impón, senón que acompaña.

E Víctor, cura na UPA do centro de Ferrol e Ana, catequista, explicaron como varias parroquias se xuntaron para organizar conxuntamente a catequese sobre estes tres piares: viva, participativa, significativa. Búscase implicar moito as familias, pois a catequese quere ser regada na casa.

Todo rematou cunha Eucaristía de envío presidida polo irmán Arcebispo de Santiago. Chamou a atención a pouca relevancia das dioceses de Lugo e Ourense. Son as que tampouco de momento se teñen incorporado ao Seminario interdiocesano de Galicia. Que mágoa non poder ver as cinco dioceses galegas camiñando xuntas en temas tan relevantes coma o que estamos comentando. Eles verán, pero é unha debilidade para o conxunto.

11. Pederastia: acordo Goberno-Igrexa

Por fin o 8 de xaneiro o Goberno de España, a CEE e a CONFER firmaron un acordo para a atención ás vítimas de abusos sexuais en ámbitos eclesiais a través do Defensor do Pobo. Trátase de atender as demandas daquelas vítimas que non desexen acudir directamente á comisión PRIVA (Plan Reparación Integral Víctimas Abusos) creada pola Igrexa. Este sistema de reparación seguirá o criterio técnico da Oficina do Defensor do Pobo, a avaliación da Comisión do PRIVA, o consenso Igrexa-Estado e a participación das vítimas; non é algo imposto xuridicamente, senón un compromiso moral da igrexa dentro do acordo mutuo das partes.

Segundo a información oficial, procederase deste xeito: a oficina do Defensor do Pobo estudará os casos presentados e propoñerá unha canle de reparación que será estudada e avaliada pola Comisión PRIVA establecida pola Igrexa. Os criterios de valoración dos casos e do baremo da reparación da Oficina do Defensor do Pobo

e da Comisión PRIVA serán homoxéneos. No caso de discrepancias na valoración, unha comisión mixta estudará o caso que, en derradeira instancia, será establecida polo Defensor do Pobo despois de ter escollido ao presidente da CEE ou da CONFER segundo o caso.

É unha vía temporal que durará un ano (prorrogable a outro máis), para aquelas causas que non tivesen e non poidan ter percorrido xudicial, ben pola prescrición do delito ou ben pola morte do vítimario.

O Goberno aceptou que estas reparacións económicas queden exentas de tributación; e tamén se comprometeu, como demandaba a Igrexa, a abordar a reparación integral de todos os menores vítimas de abusos sexuais en calquera ámbito da vida pública.

Ben, parece que por fin estamos ante o punto final dun recorrido no que a Igrexa se manifestou case sempre lenta en admitir uns feitos reais —dos que cada pouco se van sabendo novos casos—, receosa en afrontar a peito aberto esa realidade tan crúa e antievaxélica, fuxindo de algo que queimaba,

buscando escusas –aínda que fosen tan razoables como que se fixese o mesmo con abusos que se daban moito máis noutros ámbitos sociais–, ata por fin, oxalá!, deixar a un lado toda escusa e pagar o que hai que pagar en diñeiro e en descrédito. Doe o diñeiro, pero o descrédito é a maior pena. Canto podemos e debemos aprender de todo isto!

12. E dúas boas novas para rematar

Aínda que a un lle gustaría escribir, como di sempre o título desta Crónica, «desde a banda da esperanza», ben se ve que moitas veces a realidade é moi turróna, e custa situarse dese lado da vida. Ben cadra que de cando en vez aparecen acontecementos de evidente positividade que axudan a non perder a ben amada esperanza.

E un deles foi a decisión do Goberno de España de regularizar ao redor de 500.000 inmigrantes que están entre nós sen papeis, traballando ou non, e se traballan con condicións irregulares por parte deles e, sobre todo, por parte dos patróns que se aproveitan desta súa irregu-

laridade para pagarlles soldos mínimos. Contribúen á vida e enriquecementos do país, pero carecen de dereitos elementais en case todos os campos da vida. Ben se ve que os necesitamos, pero queremos en media escravitude.

Desde hai xa máis dun ano diferentes entidades, entre as que a Igrexa Católica desempeñou un papel relevante, recolleiron 700.000 firmas solicitando que no parlamento se debate sen en firme estas cuestións. O Goberno, dada a fraxilidade da súa situación parlamentaria, decidiu deixar de lado ese debate e tomou a decisión de resolver esa regularización mediante un Decreto, contra o gusto da oposición.

Pensamos que se debe regularizar por simple humanidade, pero tamén cremos que cómpre facer máis ca iso. O Papa Francisco recomendaba aquelas catro condicións para poder afirmar que estamos tratando debidamente os inmigrantes: acoller, protexer, promover e integrar. Moito nos queda por facer, a nós e a eles, para conseguir que, dentro das lóxicas diferenzas, poidan ser e consi-

derarse dos nosos. O primeiro paso está dado.

E a outra lumieira de esperanza, máis caseira por referirse a Galicia e á Igrexa galega en concreto, consistiu en algo tan lóxico e simple como que o irmán arcebispo de Santiago, Francisco Xosé, lle ofrecese a Andrés Torres Queiruga a oportunidade de pronunciar a conferencia central polo día de San Tomé na aula magna do ITC, conferencia que versou sobre «Xesús de Nazaré como pioneiro e culminación da fe». A aula estaba cheíña de todo. E a conferencia foi un éxito. O irmán arcebispo, quizais respondendo xa a críticas por esta súa elección, fixo referencia a que a verdade é algo sinfónico.

E algo semellante dixo tamén, aínda que noutro contexto, o prefecto do Dicasterio da Doutrina da Fe, o cardeal Víctor Manuel Fernández, na apertura da sesión plenaria do dicasterio, celebrada o 27 de xaneiro. Ata o de agora, por decisión do anterior arcebispo de Santiago, o irmán Xulián, Queiruga tiña vetado intervir en calquera actividade teolóxica oficial da arquidiocese.

E deixamos, logo, aquí esta xa longa Crónica. Que a primavera coa súa Pascua natural e relixiosa nos aviveza os ánimos, nos anime para vivir en irmandade cada día máis e mellor. Saudións e ata a vindeira.

Manuel Regal Ledo